3 DIAS DE OSCURIDADE

NOVENO

A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

Nº 0 DECEMBRO 2014



O GARAXE HERMÉTICO

ESCOLA PROFESIONAL DE BANDA DESEÑADA E ILUSTRACIÓN

R/ Álvaro Cunqueiro Nº 4 Baixo - 36001 Pontevedra
ogaraxehermetico@gmail.com
www.ogaraxehermetico.com

Director: Kiko da Silva

NOVENO, revista de BD dos alumnos de O GARAXE HERMÉTICO
Edita: Retranca Editora SL.

Deseño: Retranca Design
Ilustración portada: Daniel Corrada
Ilustración Contraportada: Sandroke
LOGO 9º: ANDRÉS LAXEIRA & FONSO BARREIRO

© Dos respectivos autores/as
© Retranca Editora SL.

Edición dixital Decembro 2014

Mestres de O GARAXE HERMÉTICO: Fernando Iglesias, Fran Bueno Capeáns, Miguel Porto, Rodrigo Cota e Kiko da Silva

3 DIAS DE OSCURIDADE

Ao parecer, existía a posibilidade de que a Terra vivira tres días de tebras, que empezarían este próximo 21 de decembro de 2014. O suceso daríase pola combinación dunha aliñación planetaria e unha tormenta solar mentres o noso sistema pasaba fronte a unha brecha galáctica que absorbería os fotóns, o que significa que non habería luz eléctrica, nin servirían de nada os chisqueiros nin as velas. Non habería luz. Nin Internet, nin televisión, nin pan, nin Twitter. Nós tampouco o entendemos, aínda que todo iso non ten demasiada importancia. O importante serían as consecuencias.

A noticia circulou citando á NASA como fonte. A NASA desmentiuno, o que significa que hai verdadeiras posibilidades de que vaia suceder nalgún momento. É sabido que se a NASA desmente algo, é que é verdade. Tamén desmentiu a existencia de marcianos e aí temos ao pequeno Nicolás, proba vivente de que os marcianos existen e están aquí, entre nós.

No Garaxe Hermético tomámonos estas cousas moi en serio, de aí que elixísemos este como tema do número 0 da revista Noveno. Primeiro os profesores e os alumnos compartimos a terrible noticia. Iso xerou o lóxico ataque de pánico colectivo. Berros, choros e xente correndo dun lado ao outro. Tamén é verdade que no Garaxe Hermético somos moi de ataques de pánico colectivos por asuntos de moita menor importancia. O outro día, sen ir máis lonxe, a un

alumno esquecéuselle un lapis na casa e todos nos puxemos a chamar as nosas familias para despedirnos e pedirlles que nunca esquezan que as queremos. Unha vez asumida a noticia dos tres días de escuridade, fixémonos unha pregunta que debería facerse toda a humanidade se toda a humanidade non estivese formada por unha panda de miles de millóns de terrícolas irresponsables:

Que sucedería durante eses tres días tenebrosos? Esa é a pregunta. Claro que ninguén coñece a resposta, pero algúns alumnos do Garaxe Hermético se decidiron a asumir o reto. Era un exercicio obrigatorio.

As solucións aos tres días de escuridade están nesta revista Noveno. Os que a lean saberán que facer se algún outro ano sucede. Os que non a lean, que non se pregunten que facer cando sexa demasiado tarde, mentres morren en circunstancias terribles. Alá cada un.

Rodrigo Cota.



A TERRA ESCURA

DANIEL CORRADA

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO


En serio, déixao. O que estás intentando facer non é seguro. Fáltanche datos.
A teoría é sólida. Esta lámpara reverterá a un nivel local os efectos da brecha escura. Sí que é seguro.
Suponse que os trebellos eléctricos deixarán de funcionar.
Non podes prever a reacción da lámpada! Pode pasar calquera cousa! Podes quedar cego! Podes rachar a quinta dimensión e ser transportado a través da brecha!
Pfff... Xa. Profecías.
Eu tamén escoitei á princesa Kaoru. Quinta dimensión? Anda... Esa muller viu demasiadas pelis de Nolan.


MERDA, K, TI TAMÉN ES ASTROFÍSICO. SABES QUE HAI AO OUTRO LADO DA BRECHA?
A TEORÍA MÁIS ACERTADA DI QUE PODE HABER UNHA TERRA IGUAL E OPOSTA A ESTA.
UNHA ESPECIE DE ANTI-UNIVERSO, EH? CIAO, PAILÁN, VÉXOTE EN 3 DÍAS.
CLAC!
FIIIIIIIIIIIIII...


UF!

AU!
PAF!


FREEI. POR QUE FREEI?
E ISTO QUE É? ONDE ESTOU?
NON ME FODAS... A QUINTA DIMENSIÓN DA KAORU...
O PAILÁN TIÑA RAZÓN...
DEBÍN SALTAR A TRAVÉS DA BRECHA... ESTOU NO OPOSTO Á TERRA...
UNHA... TERRA ESCURA.
E TI QUE? QUE VES SENDO? UNHA ESPECIE DE MASCOTA DESTE PLANETA? ES A ESPECIE DOMINANTE?
LOGREI ESTABLECER CONTACTO?


OH... TES UN AMIGO.
HUM. VALE. UNHA CHEA DE AMIGOS...
OH...
OH.

GRRRR...
GRRRARRGH!
RRRGRGRAGH
BANG!
BANG!
GRRARAGH!
GRRRCÓ!
RARRGHCÓ!

BANG!
BANG!
BANG!
BANG!
ACÓO!
ACÓOO!
ACÓC! CÓC!
ACÓOO!

BANG!
ACÓ!


BEEEST... YOU'VE GOT TO BE THE BEEEST... YOU'VE GOT TO CHANGE THE WOOORLD...
AND UUUSEEE... THIS CHAAANCE... TO BE HEEEAAARD...
¡BUONA MATTINA!
GUTEN MORGEN.
HAU.

Ah... Claro. Terán aprendido a comunicarse en distintos idiomas terrestres en previsión desta eventualidade. Probarei a falar sen máis.
Saúdos, habitantes deste planeta... Veño da Terra, ao outro lado da brecha escura, e veño en son de paz.
Non sexas pailán, ragazzo.
Non trabamos.

NON FAGAS CASO A ESOS CASTRÓNS, RAGAZZO. ENZO FALARÁ CONTIGO E EXPLICARACHE TODO.
PERO... EU CRÍA... A BRECHA... E O PORTAL... A QUINTA DIMENSIÓN...

SI, SI. MIRA, PARA NON ANDARNOS CON RODEOS, TODO ISTO DA BRECHA OCORREU HAI TRINTA ANOS. EU NON ERA MÁIS CA UN BAMBINO ENTÓN.
TRINTA ANOS!

POIS SI. SUPOÑO QUE ES UN DESOS PALETIÑOS QUE CREARON ESAS "LÁMPADAS DE VALEIRO". MOI ILUSIONANTE A PRIORI, PERO VAIA A QUE LIACHES... TODAS ELAS FUNCIONARON MAL. ALGUNHAS PEOR.

ABRÍRONSE UNHA ESPECIE DE PORTAIS, COMO O TEU. OS CONSTRUTORES DE LÁMPADAS DESAPARECERON...
...E REAPARECEMOS AQUÍ.
AHÁ.


Ides aparecendo cada pouco. O noso traballo é rescatarvos a medida que iso vai pasando. Oh... Non te preocupes. É inofensiva, non como as galiñas de antes.
...
Sí. Eran galiñas.
A cousa é que a potencia da brecha era máis da que se cría. A Terra pasou a escuras tres anos. Unha loucura, eh? Eu intento sobrelevalo cantando.
Gústache Muse?
Ben, e iso é máis ou menos todo. Tres anos de escuridades, trinta de postapocalipsis. Algunha dúbida?
Eu... Eu... Teño que voltar a casa.
Ragazzo, non me entendiches ou non me expresei ben. Os portais crearon un desaxuste no tempo, pero non no espazo.

PERO... PERO ENTÓN...
ESTIVEN AQUÍ TODO O TEMPO...

DESTRUÍSTELO!
MALDÍGOVOS A TODOS!

LAPINLOT

ANDRÉS GARCÍA RIESGO

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO


SAE DUNHA VEZ SOMBRA! QUE HOXE VAS CAER!
CRIATURA DE CARNE MORTAL, COMO OSAS DESAFIAR A ESCURIDADE MESMA?
PODO SER MORTAL ... PERO A MIÑA FE FAIME UN COA LUZ
A TÚA FE NON É UN DESAFIO PARA A MIÑA FORZA, CAERAS!
HOXE A VICTORIA SERÁ MIÑA! POLA GRAZA DA DEUSA, NON GAÑARÁS!

TODOS LEMBRADES A HISTORIA DO HEROE QUE VENCEU Á SOMBRA
PERO NON TODOS SABEDES QUE A VENCEU XUSTO ANTES DE CAER, SACANDO FORZAS DA LUZ DA DEUSA.
MAIS COMO O HEROE ESTABA FERIDO, NON ATINOU NÓ CORAZÓN DA BESTA, E ESTA FUXIU Ó INTERIOR DA ROCHA...
ALGÚN DIA RETORNARÁ, E TAN SÓ NOS, QUE SEGUIMOS Á DEUSA, PODEREMOS DERROTALA.
PERO SEÑOR, AGORA SOMOS MÁIS, POR QUE SE ARRISCARÍA A SAIR SE SABE QUE PODEMOS CON ÉLA?
ESTE MAL NON PARARÁ NO SEU EMPEÑO. POSÚE SEGUIDORES
E TRATARÁ DE ELIMINAR A QUEN SE OPOÑA A ELA. POR ISO, A NOSA GARDA NON REMATARÁ ATA O SEU FIN.

XA NON PODES MÁIS? NON TE PROTEXIA A TUA FÉ COELLO?
AINDA QUEDA VIDA EN MIN!
ES UN PASPÁN, NON PO-DER...
VENCIN... VENCINO.
NONDEAS O LEITE POR VENDIDA... CRUZADO


SEÑOR, VIRON UN GRUPO DE SOMBRAS NON MOI LONXE.
QUE? AVISA A TODOS, QUE TOMEN AS ARMAS XA!
SI, SEÑ-GUK, GUK.
QUE FOI ISO?
VEN DA HABITACIÓN DO MES-TRE.
ATÁCAN-NOS?
IMOS ALÓ EIRA, QUIZÁIS PRECISEN AXUDA
HAI DEMASIA-DOS. TEMOS QUE LISCAR DE AQUÍ, BULIDE!
PERO...


ESPERTA CRUZADO.
O-ÓNDE ESTOU...?
ABANDO-NA A ESPE-RANZA.
A TÜA DEUSA DEIXOU-TE
TERIATE MATADO, PERO CONSEGUICHES BUSCARME AS COXEGAS
QUERO QUE VEXAS O TEU MUN-DO SUFRIR.
SÓ QUEDAS TI,
ELES MORRERON NAS MANS DOS MEUS FILLOS ...
E TI, DEI-XÁCHELA A SÜA SOR-TE... AVAN-DONÁCHE LA





PSICOPATÍA PARA TODOS

SARA MARTÍNEZ

MAÑÁ COMEZA O FIN DO MUNDO!

QUE COUSAS, EH?

UNHA SERIE DE ACONTECEMENTOS FORTUÍTOS E UNIVERSAIS VAN-NOS DEIXAR SEN LUZ NATURAL E ARTIFICIAL DURANTE TRES DÍAS.

PODE CHEGAR A MORRER MÁIS DUNHA TERCEIRA PARTE DA POBOACIÓN MUNDIAL!

E CLARO, HABERÁ REACCIÓNS PSICOLOXICAMENTE SIGNIFICATIVAS.
A ESTA SEÑORA, SEN IR MÁIS LONXE, FAILLE MOITA GRAZA PORQUE É UNHA HIPPY FUMETA.
IMOS MORRER TODOS... HI, HI, HI.
PERO VEXAMOS OUTROS EXEMPLOS.

INDIFERENZA

EN XERAL, NIN OS GATOS NIN OS CIENTÍFICOS DÉRONLLE IMPORTANCIA Á NOTICIA.

ESCEPTICISMO

OS MENOS CRÉDULOS CANTARUXAN ALEGREMENTE:

NEGACIÓN

O POBRE NICOLAI NON SOUBO ASIMILAR QUE UNHA MERDA DE TORMENTA SOLAR ÍALLE DEIXAR SEN AS SÚAS PRIMEIRAS VACACIÓNS EN CINCO ANOS.

HISTERIA

IRA



FRUSTRACIÓN

OPORTUNISMO SUBLIMACIÓN


3 DAYS / 1 NIGHT
SERGIO SÁNCHEZ
N9
noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

OS CIENTÍFICOS XA PREVIRAN OS 3 PRÓXIMOS DÍAS SEN LUZ SOLAR DEBIDO A BRECHA NEGRA QUE APARECERÍA ENTRE O SOL E A TERRA, SEN EMBARGO, NON FUMOS INFORMADOS DA VISITA DE ESTOS SERES CATALOGADOS COMO "DEMOS" NO NOSO MUNDO
3 DAYS 2 NIGHT
HA HA E NOS QUE LEVAMOS 19 ANOS NESTE MUNDO E AÍNDA NON SE PERCATARON
Brrr
Llamada entrante
Brrr
ESTAMOS DE CAMIÑO
ESTE DÍA ESTABA PREVISTO, ACTUADE SEGUNDO O ACORDADO
E NON VOS SOBREPASEDES. A CIA QUERE SEGUIR MANTENDOVOS EN SEGREDO
TEDE COIDA_ DO RAPACES
DIXO QUE NON NOS SOBREPA_ SEMOS

ATENTO PRIMEIRO CONTACTO
HA! UNHA MERDA
BROOA
XA PASARON DOUS DÍAS E NON PARAN DE CHEGAR DEMOS Á TERRA, PERO PARECE QUE ALGO OS ESTÁ RETENDO ...
HAAAAA!
ESTAMOS NO ÚLTIMO DÍA DE OSCURIDADE E AO PARECER DOUS RAPACES ESTÁN LOITANDO CONTRA OS DEMOS

QUE DIAÑOS PASA?! XA PASARON OS 3 DÍAS DE OSCURIDADE E A FENDA NON SE PECHA

AO PARECER UN DOS DOUS DEBE-DES DE CRUZAR A FENDA PARA O CORRECTO EQUILIBRIO ENTRE OS DOUS MUNDOS
ENTENDIDO

QUE TE DIXERON IRMÀN ?



BOTAREI_ TE DE MENOS...
IRMÀN
DURANTE OS 3 DIAS DE OSCURIDADE UN MOZO SACRIFICOUSE PARA SALVAR O MUNDO... E AO SEU IRMÀN
DURANTE OS 3 DIAS DE OSCURIDADE...
NACEU UN HEROE

CEGUEIRA

JOSE CARLOS DA SILVA

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

CEGUEIRA

VINTE MESES. HAI VINTE MESES QUE VIVO ILLADO NESTAS MONTAÑAS RENUNCIANDO A TODO. OS MEUS AMIGOS, A MIÑA FAMILIA, A MIÑA VIDA... NA PROCURA DA PINTURA ETERNA, DA BELEZA PERFECTA.

ATOPEINA HAI CATRO DÍAS.

HAI CASE TRES QUE PERDÍN A VISTA.

DE SÚPETO, O MUNDO VOLTOUSE NEGRO E O MEU TRABALLO ESVAÍUSE ANTE OS MEUS OLLOS.

TODO AFUNDIUSE O MEU REDOR E NON PUIDEN FACER NADA! NADA!.

TERMEI COMA UN TOLO, MÁIS, CO TEMPO REMATEI ACEPTÁNDOO.

ESTOU CEGO! SON UN TOLLIDO! UN INÚTIL!.

DE QUE SERVE TER ACADADO O SEGREDO DA BELEZA SE NUNCA MÁIS PODEREI VOLTAR A PINTAR!.
ESTOU ACABADO, COMPLE-TAMENTE ACABADO...

SÓ TEÑO UNHA SAÍDA...

BANG!


...coñecido como o "Apagamento Galáctico"
...colleunos a todo o mundo por sorpresa
xa que só se fixeran eco del, algúns medios "alternativos"
Semella que se está a recuperala normalidade despois de tres días na ausencia total de calqueira tipo de luz
agora será tarefa dos gobernos mundiais avaliar os terribles danos orixinados polo fenómeno ...

IMOS MORRER TODOS

NURIA FIGUEIREDO

NOVENO
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

ASÍ QUE ISTO QUEDARASE EN OSCURIDADE TOTAL DURANTE TRES DÍAS

Si


BEN,
POIS QUE SEXA
O QUE TEN
QUE SER


HABERÁ TOCAMENTOS
SEGURO
HA-HAAAHA PARA !

NON, EN SERIO, PODE SER UN AUTÉNTICO CAOS
A FIN DO MUNDO?
SI
HOME... NON SEI, A ESCURIDADE NON MATA
XA
PERO ...
PODÉMONOS POR MOI TOLOS

PODEMOS PERDERNOS
COMER ALGO QUE NON SE DEBA..
E TROPEZAR, ABRIRNOS A CABEZA....
DESANGRARNOS
AFOGARNOS CO NOSO SANGUE...
E MORRER...

XA,
E CRES QUE A XENTE
ANDARÁ CON ROUPA
OU ESPIDA?

OS CEGOS!!
SERÁN OS
ÚNICOS QUE PODAN
IR POLA RÚA TAN
TRANQUILAMENTE

IGUAL É BOA IDEA
FACERSE AMIGO DE
ALGÚN, POLO MENOS
PARA QUE NOS FAGA
DE CEAR, E NON
MORRER DE FAME

SI CLARO, E QUE NOS
SAQUE AO CAN,
EU PASO DE SAIR DE
CASA E ROZARME
CON XENTE ESPIDA

HAI! NON SEI!
SE É O FIN DO MUNDO POIS MIRA...
EU SEMPRE DIXEN QUE PREFIRO MORRER NO FIN DO MUNDO QUE SOA..
É COMA SE CHEGARAS AO FINAL DE VERDADE...
O FIN DA PARTIDA.
ATA É CASE ALGO FERMOSO.

COUSA FERMOSA ES TI
CREO QUE OS CHOURIZOS XA ESTÁN LISTOS. .. CEAMOS?

PÚXENME UN POUCO TOLA, NON?
NON, O NORMAL, IMOS MORRER TODOS

EVOLUCIÓN

CARLOS LIMERES

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

EVOLUCIÓN

por Carlos Limeres
Que hora é?
Son as once e media da mañá...
Deus, que frío fai!... E iso que estamos na casa!

Mira a ventá!
A que temperatura estaremos?
Falábase de 100 graos por debaixo de cero, ou máis...
Gustaríame saber se andarán ben por casa!
Seguro que si, non te preocupes.
Como me gustaría crer en Deus!

Ben, hai quen cre nos extra-terrestres!
... E algún le.
Non estou para bromas, Mario!
Síntoo, chancear reláxame. Non quero volverme tolo, como os que fixeron un cristo hai unhas horas!
Cres que volverán?

Espero que non!
ULTIMA HORA
NOTICIERO GL
Eclipse planetario: 72 horas de total oscuridad
Que lles terá pasado?
Non teño nin idea, pero se saíron á rúa, terán morto polo frío... Gustaríame saber se cando remate isto, todo seguirá igual... ou case.
Iso se non rematamos todos tolos.
Non digas iso, o neno está a escoitar!
Roberto! Que é o que les?
Aprender a sobrevivir...
SOY LEYENDA
RICHARD MAT
FIN

PISTOLA & CANDEEIRO

ADRIÁN DACOSTA CORES

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO


?
CLIC
CRAS
KRRRR

PUM
PUM
PUM



CRAS
CRAS
RRRR
CRAS
RRRRR
CRAS

RRRR

OSCURIDADE

MARA MÉNDEZ GARCÍA

noveno
A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO

DURANTE TRES DÍAS REINARÁN AS SOMBRAS, APAGARANSE O SOL E A LÚA E A ESCURIDADE SERÁ ABSOLUTA.
APARECERÁN DEMOS E O CEO CUBRIRASE DE NUBES DE SANGUE.

A TERRA TREMERÁ E O MAR ENFURECERASE...
....E OS MORTOS CUBRIRÁN O PLANETA.

OS AUGURIOS FORON CERTOS E DEPOIS DESES TRES DÍAS VIUSE POR FIN O SOL.
POR SORTE, ENCONTREI NO MEDIO DO CAOS UN ANACO DE LUZ.


MAIS A FAME PROVOCOU QUE MOITOS EMPEZASEN A MATAR XENTE PARA PODER ALIMENTARSE. APARECENDO OS VERDADEIROS DEMOS.
REMATEI MATANDO AQUEL ANACO DE FELICIDADE QUE ME QUEDABA. SENDO CONSUMIDA COMPLETAMENTE POLA ESCURIDADE.

CONVERTÉNDOME NO PEOR DOS DEMOS.

MAR NEGRO

PEDRO CUNHA LOPES

noveno

A REVISTA DE BD DO GARAXE HERMÉTICO


HOXE HAI UN MES QUE ESTAS NO MAR...
NON PARECE MOITO TEMPO E O CAN ESTA AGUANTANDO BEN. DENTRO DE DOUS DIAS CHEGAMOS AS AZORES ...
TEN COIDADO COS TRES DIAS DE OSCURIDADE...
BAH, EU NON CREO NESAS COUSAS, NON TEN LOXICA
BEN, CREO QUE DEBES PREPARARTE IGUAL. AINDA QUE NON CREAS NISO NON IMPIDE QUE POIDA CHEGAR A SUCEDER


ESTOU NUN BARCO EN ALTA MAR, QUE VOU FACER? TEÑO AUGA E COMIDA PARA UNHAS SEMANAS MAIS.
OK, EU SÓ SEI QUE POR AQUI ESTAN TODOS ASUSTADOS POLAS PROFECIAS, E AS PERSOAS ESTANSE A TRINCHERANDO NAS CASAS
PERO QUE RAIO É ISTO? NON PODE SER, ERA CERTO? NUNCA VIN ALGO ASI.
AU
AU
AU

VEÑA KAINE, ENTRA RÁPIDO. CASE NON ME DA TEMPO A RECOLLER AS VELAS.
PERDEMOS A RADIO E A ELECTRICIDADE. NIN AS LANTERNAS FUNCIONAN, SÓ TEMOS LUME. ALOMENOS AINDA TEMOS ALGO DE LUZ.
QUE RAIOS FOI ISO? BATEMOS CONTRA ALGO
TONC
GRRR


IMOS VER QUE PASOU...
FISHHHHHHH
QUE CHE PARECE! SUBIMOS!


KAINE NON! ONDE VAS? VEN KAINE...
ESQUERDA...
DEREITA...
DEREITA ...
GRRRR
UH ?
QUE ERA AQUILO?

QUEN ES TI?
COMO CHEGACHES AQUÍ?
TEÑO UN VELEIRO, ATRACADO NAS ESCADAS DO NAVIO
XENIAL, PODEMOS FUXIR NEL...
SI PODEMOS, PERO QUE ERA AQUILO DE FORA?
NON SABEMOS DEMASIADO, XURDIRON DA ESCURIDADE. SAIRON DOS TANQUES DE PETROLEO E MATARON AO RESTO DA TRIPULACION. SÓ QUEDAMOS NÓS. ESAS COUSAS GUIANSE POLO SON E A LUZ. VAI SER DIFICIL SAIR VIVOS DE AQUÍ.
PERO TEMOS UN PROBLEMA, NON A RADIO DO BARCO NON FUNCIONA
XA, NINGÚN APARELLO ELECTRONICO FUNCIONA
NON HAI NADA QUE FACER, HAI QUE ESPERAR A QUE VOLVAN A FUNCIONAR... CANDO VOLVA A LUZ, SE VOLVE...
CERTO. PERO PRIMEIRO TEÑO QUE ATOPAR O MEU CAN. TEN QUE ESTAR POR AQUÍ CERCA.
NON TEMOS TEMPO, E É MOI PERIGOSO
É SÓ UN CAN, NON PENSO MORRER POR UN CAN
NON!
SE NON VES CON NÓS NON VOLTARÁS
O TEU CAN XA DEBE ESTAR MORTO ESQUÉCEO
COIDADO!! QUÍTALLE A ARMA!

AHHH
CORREDE!

KAINE...


DEREITA
ESQUERDA
ESQUERDA

FISHHHH

KABUM

POR QUE SE FUNDEN OS PLOMOS?

QUIQUE VEIGA

"POR SE SE FUNDEN OS PLOMOS"

UNHA HISTORIA BASEADA EN FEITOS POSIBLES

POR QUIQUE VEIGA

NA TERRA TODOS PROMETÍANAS MOI FELICES...

HOU, HOU, HOU

HA, HA, HA

英, 英, 英

STARRING:

A NASA:

...E MCKENZIE LIOUSE CO CÁLCULO DE NEUTRINOS E...

DÉIXAME TRABALLAR

O GOBERNO:

INVÁDAME ESTES SITIOS E MÍREME A VER SE HAI PETRÓLEO

O CIDADÁN DE A PÉ:

UNHA CAÑA, PEPE!

OS CHINOS:

IKER JIMÉNEZ:

AMIGOS DO MISTERIO, ESTÁ A TERRA CONDENADA Á ESCURIDADE?


BOOM
BOOM
CHIIIIIU...
CHIIIIIU
BOOM
APARECEU UN BURACO NEGRO QUE ABSORBE A LUZ! PÓÑAME CO PRESIDENTE!
DILLE QUE TEN A POLARIDADE ALTERADA!
MANDE AGORA MESMO TÓDOLOS MÍSILES DA TERRA AO BURAQUIÑO ESE!
...PON QUE O DOS MÍSILES NON SERVIU DE NADA... E QUE EMPATOU O CELTA...
SERÍA NECESARIO EVACUAR O PLANETA COMO XA SE FIXO CON BÉLMEZ?... QUE OPINA ENRIQUE DE VICENTE?


TERRÍCOLAS! FALA O EMPERADOR GALÁCTICO... O UNIVERSO SÓ PODERÁ SUPERAR ESTA AMEAZA COA VOSA AXUDA!... CONTAMOS COA TERRA?
BZZZZZ
¡SÍ!
¡YEAH!
BUENO...
FÍXATE NO PRATO VOADOR! SEGURO QUE SE PROPULSA INVERTENDO A POLARIDADE DOS NEUTRINOS E...
QUE CRUZ!
ALIENÍXENAS? DESTRÚANOS!
EEH... NON QUEDAN MÍSILES, SEÑOR...
POIS SI QUE É INCRIBLE PERO PON O FÚTBOL...
...E UNHAS OLIVAS, NON?
NON, NON, NON! ESTES EXTRATERRESTRES NON SON DE FIAR, QUE ABDUCIRON A MOITA XENTE DE OCHATE

TERRÍCOLAS! SIGAN ESTAS INSTRUCCIÓNS AO PÉ DA LETRA:
OS CHINOS, SALTEN TODOS Á VEZ ACOMPASADAMENTE...
...OS DEMÁIS, SIGAN CO SEU
BOING!
BOING!
NON! ASÍ VAN INVERTER A POLARIDADE DA TERR... GLGLGL...
DEIXA XA DE DICIR MERDAS SEN SENTIDO!
RÁPIDO! PREPÁREME O AIR FORCE ONE!
EEH... DESGUAZÁMOLO PARA FACER MÁIS MÍSILES, SEÑOR...
¡GOOOOL!
BOING!
NONONON! QUE PODE SER UNHA TRAMPA!


HA, HA, HA...
TRAGÁRONO TODO! MIRA QUE NON DECATARSE DE QUE ESTABAN A INVERTER A SÚA POLARIDADE!
PLOP!
VOLTAMOS A MARTE!
BZZZZZ!
...GLGLGL... VES, VES?
GRRR!
PREPÁREME O AIR FORCE TWO!
EEH... ISO NON EXISTE, SEÑOR
NON HAI LUZ? MARCHO PARA CASA A VER A SEGUNDA PARTE
EI!... PÁGAME, CABRÓN!
英, 英, 英
RÁPIDO, TODO O MUNDO Á NAVE DO MISTERIO!


A HUMANIDADE NUNCA NOS CREU A PESAR DE QUE SEMPRE DIXEMOS A VERDADE... EN FIN... SERÁ MELLOR QUE VOLTEMOS AOS NOSOS PLANETAS DE ORIXE
XA PODEDES QUITAR AS CARETAS
BZZZZZZZZ
ESTEE... IKER...
...QUE NÓS SOMOS HUMANOS...
BEN... NINGUÉN É PERFECTO!
FIN

O GARAXE HERMÉTICO

ESCOLA PROFESIONAL DE BANDA DESEÑADA E ILUSTRACIÓN

DANIEL CORRADA
ANDRÉS GARCÍA
JOSE C. DA SILVA
SERGIO SÁNCHEZ
SARA MARTÍNEZ
NURIA FIGUEIREDO
ADRIÁN DACOSTA
CARLOS LIMERES
PEDRO LÓPES
QUIQUE VEIGA
SANDROKE
MARA MÉNDEZ